



club alpino
ourense



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



egam
escola galega de alta montaña

INTERCLUBS ESQUÍ SEMANA BRANCA 26

DESCRICIÓN: é unha “viaxe branca” (con saída do 10 ao 17 de xaneiro) dende Galicia a CERLER (Benasque - Huesca) organizada por Clubs de Montañismo, dunha semana, na que cada participante pode escoller, a maiores do paquete básico, contratar voluntariamente un forfait e esquiar libremente, inscribirse nun curso de esquí de travesía ou de esquí alpino de distintos niveis, alugar o material deportivo, contratar seguro...

OBXECTIVOS:

1. Formarse e/ou practicar ou o esquí de travesía (“esquí de montaña”) ou o esquí alpino ou snowboard (“esquí en pista”),
2. Convivir entre os socios/as dos distintos Clubs participantes.
3. Promover o esquí de travesía (ou tamén chamado “de montaña”).

ESQUÍ ALPINO/SNOWBOARD, OU ESQUÍ DE TRAVESÍA?: Para comprensión rápida, o esquí alpino (ou o snowboard) é so para baixar mentres que a subida é por medios mecánicos; o esquí de travesía (tamén chamado esquí de montaña) é para baixar, progresar en plano, e subir polos teus propios medios.





club alpino
ourense



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



INTERCLUBS ESQUÍ SEMANA BRANCA 26

CURSOS DEPORTIVOS: Un ano máis organizamos a tradicional viaxe de “esquí alpino” (con curso opcional de distintos niveis) pero tamén a Escola Galega de Alta Montaña (Federación Galega de Montañismo) organiza 2 cursos de “esquí de travesía” (un de iniciación e outro de perfeccionamento), toda a información de estes cursos estará na web da FGM. Para os cursos de esquí de travesía haberá que estar obrigatoriamente federado/a FEDME, e para o curso de iniciación é obrigatorio, como mínimo, ter un nivel básico de esquí alpino (viraxe “solvente” en paralelo en pistas azuis ben pisadas).

PARTICIPANTES: Persoas maiores de idade (ou menores acompañadas), que cumpran coas indicacións dadas nesta convocatoria, e coas instrucións dadas ao longo da viaxe en prol da convivencia e seguridade. É importante entender que este é unha viaxe colectiva organizada por entidades sen ánimo de lucro, coa idea de compartir tempo e deporte con outras persoas, de xeito tranquilo, sosegado, e axeitado ao entorno.



INTERCLUBS ESQUÍ SEMANA BRANCA 26

PREZO OBRIGATORIO (550€)

Viaxe en autobús
5 noites habitación dobre Hotel Monte Alba 3* (pe de pista)
5 almozos e ceas no hotel (non inclúe bebidas)
Seguro de viaxe que non inclúe esquí

SUPLEMENTOS E DESCONTOS

Suplemento participantes non socios/as dos Clubs organizadores (+35€)

Desconto por persoa en cuarto tripla ou cuádrupla (-10€)

Suplemento cuarto individual (+150€)

Desconto nenos (-70€)

SERVICIOS OPCIONALES

5 días forfait CERLER	+195€
Seguro esquí, accidentes e responsabilidade civil	+20€
Paquete forfait 5 días + clases (3h diarias) (prezo especial de grupo, min. 20 persoas)	+260€
So comida tipo bocadillo (prezo especial de grupo, min. 20 persoas)	+50€
Clases colectivas esquí (3h diarias) (sen grupo mínimo)	+125€
Clases colectivas snow (3h diarias) (sen grupo mínimo)	+130€
So comidas tipo (sen grupo mínimo)	+65€
Aluguer material gama bronce adultos	+65€
Aluguer material gama bronce snow	+80€



club alpino
ourensán



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



INTERCLUBS ESQUÍ SEMANA BRANCA 26

Aluguer casco	+15€
Seguro de cancelación (consultar condicións)	+30€

PLAN DE VIAXE:

10 Xan (sábado)	Comeza a viaxe en bus pola noite dende Galicia.
11 Xan (domingo)	Instalarse no hotel, recoller o material deportivo, e cear (é o primeiro servizo pagado de manutención).
12 Xan (luns)	Ata o 15 Xan (xoves) almorzar, esquiar, cear e durmir no hotel.
16 Xan (venres)	Almorzar, deixar as habitacións, esquiar, e ao remate da xornada deportiva, devolver o material alugado, e viaxe de regreso.
17 Xan (sábado)	Pola mañá chegar a Galicia.

XUNTANZAS DE INFORMACIÓN: O xoves 18 de Nadal ás 20.30h en Xuntanza informativa Interclubs Esquí 26 en <https://meet.google.com/czf-xtkf-gav> haberá unha xuntanza telemática ás 20.30h (importante participar) para concretar asuntos da viaxe, falar sobre material aconsellado, e calquera outra dúbida que xurda.

SEGURO DE ACCIDENTES DEPORTIVOS:

As estacións de esquí cobran por rescate nas pistas e/ou posible tratamento médico privado nas súas instalacións. Esa cobertura é unha responsabilidade persoal de cada participante, polo que recomendamos fortemente ou ter a licenza federativa FEDME en vigor (con extensión de esquí alpino), ou outro seguro como o ofrecido pola nosa axencia de viaxes. Dende os Clubs en ningún caso seremos responsables de gasto algún vencellado a este asunto (nin na montaña nin en Galicia).

Os esquiadores/as de travesía, ao ser un deporte propio pola nosa Federación Galega de Montañismo xa está todo cuberto coa licenza federativa FEDME en vigor (que é obrigatoria para estes cursos).



club alpino
ourense



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



INTERCLUBS ESQUÍ SEMANA BRANCA 26

PERSOAS COORDINADORAS DE CADA CLUB ORGANIZADOR:

Club K2Ordes (Carlos Viaño)

Club Rutas a pie (Laura Lado)

Club Montañeiros Celtas (Fernando Fernández Rey)

Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia (Alejandro Carrera)

Club Alpino Ourense (María Teresa García Cebreiros)

Club Montaña Ferrol - Alpinista Abrente (Xan Ramírez)

Club AROMON Pontevedra (David Pérez Araujo)

Club Vía Láctea

PRAZO DE INSCRICIÓN:

AMPLIAMOS ata antes do 20 de Novembro (prazos limitadas).

PROCESO DE RESERVA E FORMA DE PAGO:

- Antes do 20 de novembro é necesario un depósito de 350€, por persoa para formalizar a reserva, quen queira contratar seguro de cancelación, debe pagar 380 na conta de 'Viajes Sierra': ABANCA **ES59 2080 0341 1430 4006 9040** poñendo en concepto Nome e Apelidos e o nome do club.

Despois mandarlle e-mail a vijessierra@vijessierra.com dende o voso correo particular con estes datos: Nome e apelidos, correo electrónico, teléfono de contacto, número de DNI, data de nacemento, club, cidade de saída e nome e apelidos das persoas con quen comparten habitación, tipo de habitación e servizos contratados.

- Unha vez realizados tódolos primeiros pagos, 'Viajes Sierra' dará acceso a tódolos inscritos a unha plataforma online para seguir ca organización da viaxe: inscrición de maneira online con tódolos datos, segundo e terceiro pagos.
- O segundo pago de 200€ debe realizarse como data límite o venres 5 de decembro.
- O terceiro pago polo resto da viaxe (ver importes de suplementos e descontos) debe realizarse como data límite o martes 30 de decembro.
- Quen leve só hotel, xa terá pagado todo no segundo pago.
- Quen leve ff, no terceiro pago debe ingresar 195€.



club alpino
ourense



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



INTERCLUBS ESQUÍ SEMANA BRANCA 26

- Quen leve paquete de clases e ff, no terceiro pago debe ingresar 260€.
- Quen leve ff e só comidas (prezo grupo), no terceiro pago debe ingresar $195+50=245€$.
- Quen leve aluguer de material alpino, debe sumar ós importes de arriba (ó que corresponda) +65€.
- Quen leve aluguer de material de snow, debe sumar ós importes de arriba (ó que corresponda) +80€.
- Quen leve aluguer de casco, debe sumar ós importes de arriba (ó que corresponda) +15€.
- Quen leve seguro esquí, accidentes e responsabilidade civil, debe sumar ós importes de arriba (ó que corresponda) +20€.
- Quen vaia en triple ou cuadruple, debe restar ós importes de arriba (ó que corresponda) -10€.
- Quen sexa neno entre 6 e 11 anos, debe restar ós importes de arriba (ó que corresponda) -70€.
- Quen vaia en habitación individual, debe sumar ós importes de arriba (ó que corresponda) +150€.

CONDICIONS DE CANCELACIÓN:

- Dende o momento da confirmación e pago ata 35 días antes da saída, 350€ por persoa, entre 35 e 10 días antes da saída, 450€ por persoa, con menos de 10 días antes da data de saída, o 100% do importe da viaxe.

POSIBILIDADE DE SEGURO OPCIONAL DE CANCELACIÓN:

- Este seguro cubre os gastos de cancelación, no caso de que o asegurado cancele por algunha das causas recollidas na póliza e poda acreditarlo coa documentación que a



club alpino
ourensán



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



INTERCLUBS ESQUÍ SEMANA BRANCA 26

aseguradora solicite. O coste do seguro e de 30 € por persoa. Debe comunicarse a ´´Viajes Sierra´´ no momento da confirmación da reserva e o pago do seguro abonarase xunto co depósito inicial.

- Ver condicións particulares e xenerais no Dossier Semanas Blancas 2025-26 e na web www.viajessierra.com e www.viajesdecolegios.com.